



www.oqueleo.com

© 2017, Paula Carballeira
© 2017, Lucía Cobo
© Desta edición:
2020, Santillana Infantil y Juvenil, S. L.
e Edicións Obradoiro, S. L.
Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-36-5
Depósito legal: M-1067-2017
Printed in Spain - Impreso en España

Quinta edición: maio de 2020

Dirección da colección:
Ana María Guerra e Maite Malagón
Editora executiva:
Yolanda Caja
Dirección de arte:
Xosé Crespo e Rosa Marín
Proxecto gráfico:
Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega,
Álvaro Recuenco e Laura Ruiz



As materias primas utilizadas
na fabricación deste libro son reciclables
e cumpren amplamente coa normativa
europea de desenvolvemento sustentable,
economía circular e xestión enerxética.

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Bruxa e familia

Paula Carballeira

Ilustracións de Lucía Cobo

oqueleo

*Para as familias das que vimos,
as que imos creando sen decatarnos,
as que imos atopando no camiño
e se volven nosas, teñan a pel que teñan,
porque o sangue é sempre vermello.*

1. Eu

Eu ás veces son un pouco animal. Recoñézo. Polas mañás parezo un oso cando sae da súa cova, despeiteada, torpe, boquexando e rascando a cabeza. Cando teño fame, podo comer a carne coma unha leoa, ou as verduras coma un rinoceronte, case sen respirar, a grandes bocados, mesmo facendo ruídos que son de moi mala educación. Encántanme os caramelos e as lambonadas, e dou a imaxe dunha vaca ou dunha xirafa coa herba sempre na boca. Podo roncar coma unha tigresa, correr coma unha lebre se me escapa o autobús, ensuciarme coma unha

porca se piso as pozas e as lameiras que hai no medio do camiño, durmir coma unha marmota, saltar coma un canguro, cuspir coma unha llama, chorar coma un crocodilo, rir coma un macaco, pasar horas no campo mirando o horizonte coma unha ovella...

Cando bato as portas con forza, alguén me di:

—Non sexas animal!

Cando esaxero contando as cousas, alguén me di:

—Que animalíña es!

Cando abro os agasallos con ansia e racho os papeis, alguén me di:

—Ala, animal!

Eu creo que todos somos un pouco animais ás veces. Se cadra, houbo un tempo en que nos entendiamos mellor, os animais

e nós, e era case coma se falásemos a mesma lingua. Despois, non sei o que pasou, que comezamos a desconfiar, a ternos medo, a afastarnos. Quedamos un pouco máis sós.

Aínda así, algúns animais mantivéronse á nosa beira. Chamámoslles animais de compañía, ou mascotas, porque pensamos que son nosos, que nos pertencen. Se o pensamos ben, eles teñen a súa vida, e somos nós quen os acompañamos, quen lles damos comida, quen os coidamos, quen nos enfadamos e lles rifamos. Somos nós os animais de compañía. Unha compañía boa ou unha mala compañía, dependendo do día que teñamos.

Na miña casa eu acompaño a unha chea de animais: dúas gatas, un caracol de baño, unha araña con sete patas, unha mosca inmortal, un milpés bailarín... e todos teñen a

súa propia historia, que nalgún momento se cruzou coa miña.

Cando alguén di que vivo soa, bótome a rir, porque penso en todos os animais aos que lles fago compañía. E empezo a imaxinar o que dirían as gatas se lles preguntasen:

10 —Non tedes medo de vivir soas nesa casa de pedra?

Elas contestarían:

—Non vivimos soas, hai unha muller que nos acompaña ás veces. Gústalle que nos arrimemos a ela cando queda na cama as mañás que non ten présa. Se miañamos con pena, poñemos ollos tristes e nos refregamos entre as súas pernas, axiña nos bota comida no prato para que a deixemos tranquila. Ponse a berrar cando nos ve cun paxaro na boca, pero ri se corremos detrás dun rato ou se saltamos para cazar algunha mosca.



Cando está triste, quere collernos e darnos mecos no regazo, pero nós fuximos. Como se porta ben, e deixa que andemos por fóra da casa, e deixa que entremos se temos frío, e deixa que afiemos as unllas na alfombra, nós deixámoslle que viva na nosa casa. Nos
12 longos días de inverno, poñémonos preto das estufas, mirando detrás dos cristais como cae a choiva, e os poucos camiñantes que apuran o paso debaixo dos paraugas. Ela tamén. De noite, nós podemos ver cousas que os humanos non ven, e a ela éntralle o medo. Non sabe que a protexemos.

Pois así é. Nunha pequena casa de pedra, preto dun río de onde sae a néboa, vivimos unha gata vella, unha gata cazadora, eu e moitos outros animais salvaxes. Recibimos poucas visitas, porque a xente desconfía, non tanto dos animais coma das bruxas, e

non sei por que. As bruxas, polo xeral, non somos perigosas. As bruxas, polo xeral, queremos axudar. Pero hai tantos contos de bruxas malvadas que debemos andar con ollo. Como na miña familia eu son a única bruxa, non aprendín iso ata que xa foi tarde de máis, e no canto de non chamar a atención, agora todo o mundo me chama «a bruxa da casa de pedra».

13

Ás veces, boto de menos alguén que fale na miña lingua, con brazos e pernas e non con patas, cornos, bico ou garras, e ata me entran ganas de subir ao tellado nas noites de lúa chea para abrazar o monstro que por alí anda. O meu avó díxome unha vez que unha bruxa sempre ten ao seu redor quen mire por ela, e sei que ten razón. Para ser unha casa pequena, mire onde mire teño quen estea á miña beira.

2. Prisciliano

14 Unha mañá, entrando no baño, atopeino subindo amodo pola bañeira.

Era un caracol máis ben pequeno, que sacou os cornos en canto prendín a luz e se meteu dentro da cuncha en canto abrín a billa da ducha.

Pareceume un aventureiro. Non debe ser fácil percorrer un cuarto de baño sendo un caracol de campo. Axiña lle puxen un nome importante, e presteille a atención que merecía.

Desde aquela, sempre que entro no baño, busco a Prisciliano.

Para el non hai límites nin fronteiras. Pode estar detrás da esponxa, ou escalando o bote de xampú, ou agochado debaixo da alfombra.

Teño moito coidado de non pisalo, porque aínda que lle gusta o alpinismo, é un caracol tan especial que calquera día decide ser atleta dos dez metros lisos.

15

Na súa familia, seguro que ninguén lle facía moito caso. O seu pai tería que emigrar ao outro lado do muro de pedra para buscar comida e a súa nai quedaría no xardín con todos os irmáns e as irmás. Sei-no porque están os oito, un caracol de cuncha vella e sete coa cuncha aínda moi nova, debaixo da ventá do baño, agardando por el.

Imaxino que Prisciliano nunca seguiría o camiño que lle marcaba súa nai, que non aturaría que lle dixesen por onde tiña que



arrastrarse. Se algún irmán ou algunha irmá lle dicía «Por aí non!», era xusto por aí por onde quería ir. Pásanos a moitas persoas, pero para un caracol o mundo é aínda máis grande ca para un ser humano, e Priscilia no quería velo todo, ou polo menos o que lle dese tempo sen apurar moito. Os caracois

nunca teñen présa, porque tampouco teñen reloxo, e cando cansan métense a durmir, tan tranquilos.

Prisciliano sabía que estaba prohibido entrar na casa de pedra, contaríanlle que, se entraba aquí, morrería case seguro. E foi entón cando Prisciliano decidiu arriscarse.

17

Tardaría varios días en chegar á ventá, estirando os ollos ao seu redor por se algún paxaro andaba preto. Entraría polo oco da ventá aberta e gustaríalle ese lugar húmido e quente, así que quedou. De cando en vez, Prisciliano pégase ao cristal e pon a súa mellor cara, para que saiban que está ben e que ninguén o esmagou.

Por iso levei unha planta con moitas follas para o baño. Follas verdes, gorentosas, desas que entran ganas de comelas, sobre todo se es un caracol.

A ventá do baño sempre queda aberta. Non quero que Prisciliano se sinta prisioneiro. Se cadra, alá pola primavera, sente o pulo de ir máis alá da casa, e do xardín, polo carreiro que se perde na carballeira.